

ADDENDA

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATIN

MARCO LEXISTATIVO DE REFERENCIA

As programacións do departamento de Latín de CULTURA CLÁSICA 3º ESO LOMLOE e LATÍN 4º ESO LOMCE foron modificadas con data 17/01/2023 en virtude das variacións do calendario escolar publicadas na **ORDE do 27 de decembro de 2022** de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As variacións no calendario escolar no referente ao 3º trimestre e a avaliación dos cursos da ESO esixe modificar o desenvolvemento do final de curso e as actividades de recuperación e avaliación final.

As modificacións realizadas nas correspondentes programacións inclúese neste documento como ADDENDA

Os aspectos modificados aparecen resaltados en outra cor no apartado correspondente.

3º ESO CULTURA CLÁSICA LOMLOE (MODIFICACIÓN INCLUIDA NA APLICACIÓN PROENS)

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:
 $(1.ª \text{ aval.} \times 0,34) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,33) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,33)$

1.ª avaliación achega o 34 % da cualificación final.

2.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

3.ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

Realizarase despois de cada trimestre unha proba escrita que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5.

No período final da terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas para o caso de que a cualificación final non chegase a 5. A nota

obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

A estas probas poderá presentarse alumnado que xa ten avaliadas positivamente esas unidades e queira subir nota . A nota destas probas será a empregada para recalcular a cualificación final seguindo as formulas correspondentes, sempre que sexa superior a cualificación inicial.

4º ESO LATÍN (LOMCE)

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado que a aprendizaxe da lingua implica unha graduación dos contidos lingüísticos e que a súa presenza é permanente no proceso de aprendizaxe, a avaliación será continua e os contidos mínimos exisibles estarán presentes ao longo dos tres trimestres.

- Para avaliar esa graduación dos contidos incluídos nos bloques temáticos de Lingua, Morfoloxía, Sintaxe, Textos e Léxico realizaremos dúas probas en cada trimestre. (70%).Cada proba versará sobre Lingua, Morfoloxía, Sintaxe e Léxico, tanto teórica como práctica. Tendo en conta que os contidos son progresivos, a 1ª proba valorarase nun 30% e a 2ª nun 40%.
- Realizarase tamén un traballo de investigación para os contidos do bloque Historia, Cultura, Arte e Civilización.(10%)
- Ao final de cada trimestre farase unha proba específica de tradución. (10%)
- O traballo diario do alumno/a na aula valorarase nun 10%
- Cada trimestre proporase un traballo de investigación dos temas culturais, incluído no PLC,de carácter voluntario, e que terá unha cualificación máxima de + 1 sobre nota final.
- A nota media final do trimestre será o resultado da media ponderada:

1ª PROBA: 30%
2ª PROBA: 40%
PROBA DE TRADUCCIÓN: 10%
PROBA DE CONTIDOS CULTURA: 10%
TRABALLO DO ALUMNO/A NA AULA: 10%
TRABALLO CULTURAL VOLUNTARIO: +0,5

- Dado o carácter progresivo dos contidos, o alumnado que acade avaliación positiva nun trimestre, recuperará automaticamente o trimestre anterior suspenso. O alumnado que teña suspenso o 3º trimestre realizará unha proba de recuperación final. Neste caso, a nota da materia será a da proba de recuperación final.
- A cualificación final da materia do alumnado que supere cada trimestre, será o resultado da media ponderada da cualificación obtida nos tres trimestres

1ª AVALIACIÓN: 25%
2ª AVALIACIÓN: 35%
3ª AVALIACIÓN: 40%